



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP PLURILINGÜE "AS SOLANAS-NICOLÁS GUTIÉRREZ  
CAMPO"  
Rúa O Rosal, 57. 36780 A GUARDA (PONTEVEDRA)  
Tífono: 886110075

# **PROGRAMA**

# **DE**

# **ACOLLIDA**

# **PARA**

# **O CURSO 2021/2022**



O centro dispón dun equipo COVID formado por tres compoñentes do profesorado tal e como establece a normativa. Dito equipo manterá informado ao persoal do centro, familias e alumnado. Coordinará o funcionamento interno de centro e velará polo cumprimento das normas do protocolo da Consellería.

## **NOVAS NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO**

Ao inicio de curso enviarase unha circular informativa cun resumo dos aspectos máis significativos con respecto a estas novas normas de organización e funcionamento do centro.

### **Uso da máscara**

O uso da máscara será obrigatorio en toda Educación Primaria con independencia do mantemento da distancia interpersonal, tanto fóra coma dentro da aula.

O uso da máscara será recomendable en toda Educación Infantil.

### **Organización do centro**

En educación infantil e na educación primaria, a organización do alumnado establecerase, con carácter xeral, en grupos de convivencia estable, en cuxo ámbito non se aplicarán criterios de limitación de distancia. Debe garantirse a estanqueidade do grupo de convivencia estable en todas as actividades que se realicen dentro do centro educativo.

O alumnado de cada grupo pode relacionarse entre sí pero ten que evitar a relación co resto de grupos estables do colexio, isto obriga a organizar entradas, saídas e recreos diferenciados.

### **Entradas e saídas**

- En educación infantil o alumnado poderá entrar ao recinto escolar acompañado dun familiar e agardar nun espazo diferenciado para a entrada a aula. Os acompañantes deberán usar máscara. Non se permitirá xogar e correr no recinto escolar.
- En educación primaria non se permite a entrada dos proxenitores no recinto escolar, haberá profesorado de vixianza. Entregarán e recollerán aos seus/súas fillos/as no portal. O alumnado accederá directamente as súas aulas. O alumnado deberá usar máscara.
- Nas entradas e saídas hai que evitar aglomeracións de persoas. Será fundamental a puntualidade, en canto a alumno/a entre ou saía os acompañantes deben abandonar os arredores do centro para evitar a formación de grupos de persoas.
- O alumnado que chegue tarde terá que entrar ao edificio de primaria co seu/súa proxenitor/a. Terán que esperar a que os corredores esteán libres (alumnado dentro das aulas) para poder acceder, entregar aos seus fillos/as e asinar no libro de rexistro.

**Entradas:**

O alumnado de infantil pode entrar acompañado ata a súa zona de espera onde fará ringleiras.

O alumnado de primaria entrará directamente as súas aulas (non farán ringleiras no exterior) onde estarán seus titores/as ou especialistas de 1º hora.

Haberá profesorado de vixilancia nos portais de acceso.

Apertura portal	Entrada	Alumnado	Acceso ao centro	Orde de entrada
08.50 h.	8.50 a 9.00 h.	1º, 2º, 3º P.	Portal principal primaria. Acceso portal principal	Entrada libre
		4ºA e B, 5º e 6ºP.	Portal do pavillón. Acceso portal lateral.	
08.50 h.	09.00 h.	Educación Infantil	Portal infantil. Patio negro de infantil.	6º, 5º e 4º Inf.

**Saídas:**

As familias de educación infantil poderán acceder ao recinto e recoller ao seus fillos/as.

As familias de educación primaria esperarán fóra do recinto escolar; o profesorado acompañara o alumnado ata o portais.

Apertura portal	Saída	Alumnado	Saída do centro	Orde de saída
13.50 h.	14 h.	1º, 2º, 3º P.	Portal principal primaria. Acceso portal principal	
		4ºA e B, 5º e 6ºP.	Portal do pavillón. Acceso portal lateral.	
13.50 h.	14.00 h.	Educación Infantil	Portal infantil. Patio negro de infantil.	6º, 5º e 4º Inf.

**Recreos**

- As merendas serán na clase antes de saír ao patio.
- O horario será para todo o centro de 11.30 a 12.00 horas.
- Haberá espazos diferenciados para os grupos de convivencia estables.

INFANTIL:

1. Areeiro.
2. Patio verde
3. Patio sensorial

PRIMARIA:

1. Zona diante pavillón
2. Areeiro+Parte baixa pavillón
3. Pista baloncesto
4. Mesas madeiras + baixada



5. Pista fútbol

6. Pista Volei

7. Final do patio

- Haberá profesorado de vixilancia de patios de infantil e primaria.
- Os días de mal tempo meteorolóxico, faránse quendas dos espazos cubertos que temos e outras clases permanecerán nas aulas.

### **Atención as familias**

#### **Titorías, reunións con especialistas e reunións co Departamento de Orientación**

Poderán ser reunións non presenciais, mediante vídeo chamada ou teléfono, ou reunións presenciais onde se garantirá mediante obstáculos físicos a distancia de seguridade, o emprego de máscara e a dispoñibilidade de produtos de limpeza de mans. Todas as reunións terán unha acta de xuntanza para ser asinada polos asistentes.

Só se atenderá presencialmente con cita previa.

#### **Atención secretaría/dirección**

Só se atenderá presencialmente con cita previa que se pode solicitar no teléfono do centro (886110075) ou por correo electrónico ([ceip.solanas@edu.xunta.es](mailto:ceip.solanas@edu.xunta.es)).

Tamén se pode empregar esta vía para calquera dúbida, consulta ou suxerencia.

### **Servizos complementarios**

#### **Plan Madruga**

- Servizo de 08.00 a 09.00 horas.
- So poderá acceder ao recinto escolar un acompañante por alumno/a.
- Uso obrigatorio de máscara para todo o alumnado usuario (infantil e primaria) e monitora.
- Protocolo de hixiene e contacto social.
- Se manterán os grupos estables de convivencia do grupo clase de cada usuario.
- Non se compartirán materiais nin xoguetes.
- A monitora acompañará ao alumnado de primaria aos portais de acceso.

#### **Comedor Escolar**

- Servizo de 14.00 a 16.00 horas.
- Uso obrigatorio de máscara para todo o alumnado usuario (infantil e primaria) e monitora, agás nos



momentos de inxesta de alimentos.

- Protocolo de hixiene e contacto social.
- O alumnado sentarase no comedor agrupado por aulas, de xeito que se manteña a continuidade do grupo de pertenza, Separación entre grupos de 1,5m.
- Non se compartirán materiais nin xoguetes.
- A monitora entregará ao alumnado ás 16.00 horas na entrada principal.

### Inicio de curso

#### Reuniones de tutorías

Este ano realizaránse na segunda semana de setembro para explicar os aspectos máis importantes da volta a escola: novo funcionamento do centro, novas normas e protocolos que mudamos a causa do COVID-19.

CURSO	DÍA	HORA	LUGAR
4º Ed. Infantil	Venres, 3 de setembro	09.00 horas	Aula 3. Edificio Ed. Infantil
5º Ed. Infantil	Venres, 3 de setembro	11.00 horas	Aula 1. Edificio Ed. Infantil
6º Ed. Infantil	Venres, 3 de setembro	12.00 horas	Aula 2. Edificio Ed. Infantil
1º Ed. Primaria	Luns, 6 de setembro	11.00 horas	Aula 2. Edificio Ed. Primaria
2º Ed. Primaria	Luns, 6 de setembro	12.00 horas	Aula 3. Edificio Ed. Primaria
3º A Ed. Primaria	Luns, 6 de setembro	13.00 horas	Aula 5. Edificio Ed. Primaria
4º A Ed. Primaria	Martes, 7 de setembro	13.00 horas	Aula 6. Edificio Ed. Primaria
4º B Ed. Primaria	Martes, 7 de setembro	13.00 horas	Aula 7. Edificio Ed. Primaria
5º Ed. Primaria	Mércores, 8 de setembro	09.00 horas	Aula 1. Edificio Ed. Primaria
6º Ed. Primaria	Mércores, 8 de setembro	11.00 horas	Aula 4. Edificio Ed. Primaria

#### Periodo de adaptación para 4º de educación infantil

Os grupos están feitos por orde alfabético e cun máximo de 5 nenos/as.

Día 9	Día 10	Día 13	Día 14	Día 15	Día 16	Día 17
GRUPO A 9.30 a 10.30	GRUPO A 9.00 a 11.00	TOD@S 9.30 a 12.30	TOD@S 9.30 a 12.30	TOD@S 9.30 a 13.30	TOD@S 9.30 a 13.30	TOD@S 9.30 a 13.30
GRUPO B 11.15 a 12.15	GRUPO B 11.15 a 12.45					



## ACTUACIÓNS DE PREVENCIÓN, HIXIENE E PROTECCIÓN

### Medidas xerais de prevención individual.

- Uso obrigatorio da máscara para o alumnado de primaria, persoal docente e non docente.
- Uso recomendable da máscara para o alumnado de infantil.
- Diariamente o alumnado, persoal docente e persoal non docente realizarán unha medición de temperatura e auto avaliación de síntomas compatibles cunha infección por SARS-CoV-2 antes da chegada ao centro.
- Diante da aparición de síntomas, nin o alumnado nin o persoal asistirán ao centro e solicitarán consulta médica.
- Ante a detección de síntomas compatibles con infección por SARS-CoV-2 nun alumno/a, durante a estancia no centro ou á chegada ao mesmo, contactarase coa súa familia que deberá presentarse no centro á maior brevidade. Mentres o alumno/a permanecerá nun espazo específico de uso individual illado.

### Medidas xerais de protección individual.

- O correcto uso da máscara, o xeito de poñela e sácala, e de ser o caso de gardala.
- Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca.
- Hixiene de mans: O lavado realizarase cando menos 5 veces ao longo da xornada, particularmente na entrada e saída ao centro, antes e despois do recreo, antes e despois de comer e sempre despois de ir ao aseo. Para o alumnado de 1º e 2º ciclo de Educación Infantil, restrinxirase o uso do xel hidroalcohólico e priorizarase o uso de agua e xabón ou outros tipos de solucións xabonosas.
- A importancia que ten a ventilación dos espazos para evitar a transmisibilidade.
- Á entrada e saída do centro, esixencia a todas as persoas (persoal do centro, familias e visitantes) da realización da hixiene de mans.
- Habilitar dispensadores de xel hidroalcohólico na entrada e en espazos comúns.
- Instalación de portapanos desbotables e dispensadores de xabón nos aseos ou de xel hidroalcohólico nos espazos comúns.
- Xerar medidas de hixiene respiratoria: ao tusir ou esberrar, tapar a boca e o nariz cun pano de papel que se desbotará nunha papeleira con tapa, ou ben facelo contra a flexura do cóbado e sempre aloxándose do resto das persoas.

### Medidas xerais de limpeza do centro.

- Durante a xornada lectiva, unha persoa do servizo de limpeza realizará unha limpeza de superficies de uso frecuente e de aseos en ambos os dous edificios.



- Fóra da xornada lectiva, persoal de limpeza realizará a limpeza e desinfección diaria dos edificios.

## **ACCIÓNS FORMATIVAS PARA A MELLORA DA COMPETENCIA DIXITAL DO ALUMNAO NECESARIA PARA O SEU DESENVOLVEMENTO NA MODALIDADE DO ENSINO PRESENCIAL OU, DE SER O CASO, NON PRESENCIAL.**

No suposto de educación a distancia o profesorado de educación infantil empregará Blogger mentres que o profesorado de primaria o fará na aula virtual da Consellería de Educación.

A suspensión da actividade presencial poderá ser; no conxunto da aula; alumnado que estea en corentena; alumnado con condición de vulnerable e que polas súas patoloxías teña escolarización domiciliaria.

### **Formación do profesorado**

O centro solicitará ampliación do PFPP do centro para formación en ferramentas tecnolóxicas e aproveitamento didáctico para docentes.

Antes da asistencia do alumnado ás aulas, crearanse os cursos dentro das aulas virtuais, así como os usuarios para o alumnado.

### **Formación do alumnado**

Durante os primeiros días de clase, os/as titores/as facilitarán ao alumnado a inscrición na aula virtual.

A Comunidade educativa terá accesible na páxina web os vídeos tutoriais sobre a aula virtual elaborados para o alumnado.

Ao principio do curso realizarase unha actualización dos datos sobre os medios tecnolóxicos no fogar para detectar problemas e poder darlle solución ante unha posible educación a distancia.

## **ATENCIÓN AOS ASPECTOS EMOCIONAIS E SOCIAIS, MEDIANTE A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES GRUPAIS DE ACOLLIDA E COHESIÓN.**

O Departamento de Orientación e o equipo de convivencia coordinarán e deseñaran actividades dirixidas a atender estes aspectos. Serán actividades que se realizarán a principio de curso coa participación de todo o profesorado do centro; "Semana das emocións".

Ademais o Departamentos de Orientación reforzará as actuacións dirixidas a identificación das necesidades educativas ocasionadas pola situación de pandemia en coordinación coas persoas titoras, as medidas e programas para a atención das mesmas así como as accións dirixidas ao coidado do benestar da comunidade educativa.